

REGULAMENTO XERAL DO COMEDOR ESCOLAR E DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

NORMAS XERÁIS DE COMEDOR

PRÓLOGO

O espírito da presente normativa do comedor, do CEIP García Barbón, ben dado ao abeiro do DECRETO 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación. Nas súas disposicións xerais se recolle: “A Constitución española consagra o dereito á educación e corresponde aos poderes públicos garantir o exercicio deste dereito en condicións de igualdade, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e promovendo as condicións para que esta igualdade sexa real e efectiva.

Neste sentido, as administracións educativas deben proporcionar un servizo público que se caracterice por reducir os obstáculos que poidan dificultar o exercicio efectivo do dereito fundamental a recibir unha educación básica obrigatoria e gratuíta, recollido de forma preferente na nosa Constitución. ***Así, correspóndelles arbitrar as medidas oportunas para compensar as desigualdades de calquera índole que poidan presentarse á hora de exercer ese dereito, co propósito de que, con independencia das situacións familiares, sociais ou económicas de partida, todos os alumnos teñan acceso á educación sen limitacións.***”

INTRODUCCIÓN

Dende a ANPA “A BARXA” temos a firme vontade de cumprir e defender o “acceso a educación sen limitacións”, e como o servizo do comedor é unha parte máis da educación do alumnado, a través da presente normativa procuramos facer efectivo dito dereito da maneira máis eficiente posible. Por tal motivo, atendendo ao incremento da demanda do servizo do comedor por parte das familias da nosa comunidade educativa, presentamos unha serie de modificacións para adaptar a normativa á lexislación autonómica vixente e por outra banda para garantir un uso eficiente dos recursos dispoñíbeis.

HORARIOS DO SERVIZO

- 1) **Duración e horario:** As datas nas que se dará servizo de comedor coincidirán coas establecidas pola administración competente para o curso escolar salvo para o alumnado de 3 anos, por mor das estratexias de adaptación ao centro que se programan para dito alumnado ao inicio do curso.

O comedor escolar atenderá de luns a venres, e se distribuirá en dúas quendas de, aproximadamente, a metade dos comensais cada unha, procurando que en cada quenda entren por curso completo. O horario de prestación do servizo é de **14:00 a 16:00 horas**, de xeito que as quendas serán:

- 1ª quenda: de 14:00 a 15:00 horas.
- 2ª quenda: de 15 :00 a 16:00 horas.

INSCRIPCIÓN

2) **Forma de acceso:** os alumnos e alumnas que xa están cursando estudos no centro poderán acceder ao comedor escolar facendo unha preinscripción. Na mesma se indicarán, como mínimo e necesariamente, os seguintes datos:

- Apelidos e nome do/a alumno/a interesado/a en facer uso do comedor escolar.
- Apelidos e nome do/a pai/nai ou titor/a.
- Número de días á semana que vai asistir ó comedor.
- Mes no que pretende comezar a facer uso do comedor.

3) Prazos de presentación de solicitudes

- O alumnado que presenta solicitude de renovación de praza deberá entregar o formulario dentro das seguintes datas: 15 de maio a 25 de maio (ambas datas inclusive)
- O alumnado que presenta solicitude de nova alta disporá do seguinte prazo de presentación: 28 de maio a 08 de xuño (ambas datas inclusive)
- Para o alumnado que ingresa no primeiro curso do 2º ciclo de educación infantil, e considerando que non poden facer uso do comedor ata o mes de outubro nin facer a preinscripción dentro do prazo xeral, reservárase unha cota de prazas que variará cada ano en función do total de prazas do comedor e un límite razoable sobre os solicitantes do prazo xeral que pidan ser fixos de 5 días á semana. En calquera caso esta cota nunca sobrepasará da proporción establecida entre o total de alumnado do centro escolar e o número de alumnos de novo ingreso no centro. O prazo de solicitude deste alumnado terá as seguintes datas: dende o inicio do curso ata o 21 de setembro.

No caso de coincidir as datas sinaladas, no presente punto, con días non laborables, no CEIP García Barbón, se moverán ao primeiro día laborable inmediatamente posterior ao recollido na normativa.

Finalmente, as solicitudes presentadas fora de prazo, serán sometidas aos criterios de baremación dispostos na presente normativa, artigo 6 do Regulamento. O resultado da suma de puntos, no caso de haber máis dunha familia solicitante, e por ende a confirmación da praza, non poderá ir en contra de criterios de conciliación laboral ou familiar; tal e como establece o Decreto 132/2013, do 1 de agosto: “condición de importante instrumento para a vida laboral e familiar”, recollido na páxina 32797 do DOG 154; martes 13 de agosto de 2013.

4) Medios de presentación das solicitudes

Coa finalidade de facilitar a presentación da documentación requirida para a solicitude de praza no comedor a ANPA porá a disposición das familias as seguintes vías:

- Renovación de praza:
 - App móbil da ANPA
 - Correo electrónico da ANPA
 - “In situ” na oficina da ANPA
- Novas Altas e 4º de infantil:
 - “In situ” na oficina da ANPA

5) **Criterios de acceso:** os criterios que se terán en conta, aínda que con diversa valoración, á hora de

admisión no comedor serán:

- Ser usuario do mesmo no curso actual.
- Solicitar praza para o vindeiro curso.
- Ser usuario fixo de cinco días á semana.
- Ser usuario fixo descontinuo.
- Ter máis irmáns no comedor.
- Faltas de comportamento do curso anterior sancionadas con penalización no acceso ao comedor.
- Número de orde de entrada da solicitude.
- Solicitude en prazo.

Os criterios de acceso para o alumnado que accede ao primeiro curso do 2º ciclo de educación infantil serán os mesmos que tiveron en conta para o acceso ó centro.

6) **Valoración dos criterios de acceso:** estes criterios contarán cunha valoración diversa que se aplicará mediante unha sinxela suma de puntos do xeito que segue:

- Por asistencia ao comedor no curso actual: 1 punto por cada día de asistencia entre os meses de setembro e abril.
- Por irmáns no comedor: 100 puntos para cada un dos irmáns en familias con 2 irmáns, 140 puntos para cada un en familias con 3 irmás e 180 puntos para cada un en familias con 4 irmás. Para estes efectos non se consideran os irmás que estean en 6º de Educación Primaria porque deixan o centro e sí contarán, no listado definitivo do mes de setembro, como irmáns no comedor os que ingresan en 4º de Educación Infantil e soliciten praza no mesmo.
- Por solicitude de comedor como fixo de 5 días a la semana: 100 puntos.
- Por faltas de comportamento no curso anterior sancionadas deste xeito: 10 puntos menos por cada falta leve, 50 por cada falta grave e 150 por cada falta moi grave. Estas puntuacións non serán acumulativas (só se valorará a sanción máis grave) cando unha falta de superior categoría sexa por acumulación de varias de orde inferior, pero sí se acumularán puntuacións se son por feitos ou expedientes distintos.
- Por presentar a solicitude fora de prazo: terán que agardar a ver se sobran prazas despois de valorar aos solicitantes de comedor de 4º de Educación Infantil. No seu caso accederán polos puntos obtidos coa valoración previa.

PAGAMENTO

7) **Forma de cobro:** o cobro das mensualidades de comedor farase a mes vencido e dentro dos 10 primeiros días hábiles do mes seguinte por medio de domiciliación bancaria, para o cal os pais terán que encher unha "Autorización para domiciliación dos recibos de comedor escolar en caixas de aforro ou entidades bancarias". No número de conta sinalado nesa autorización se lles cargará o importe das comidas efectuadas a un prezo unitario que se comunicará normalmente no mes de xuño.

Nos casos de hospitalización, confinamento e todo tipo de situación excepcional, se a familia o pon en coñecemento do ANPA, terase en conta na cuota de comedor correspondente a ese período.

Para a forma de aviso de ausencias remitímonos ao artigo noveno deste Regulamento. Non se admitirán reclamacións por comunicacións realizadas por calquera dos dous métodos que non deixan constancia, aínda que dende a ANPA se intentará ser absolutamente rigorosos con este tipo de avisos.

En caso de controversia entre os responsables do alumno e do ANPA prevalecerá o criterio desta mediante acordo debidamente motivado.

- 8) **Prezo:** pode haber tres prezos distintos atendendo aos tipos de comensais (fixos de 5, 4, 3, 2 ou 1 día á semana; esporádicos e bolseiros) aínda que na práctica este se reducen a dous, xa que os bolseiros en principio non terían que pagar nada.

O prezo base dos menús ven marcado polo establecido por FOAMPAS nas Bases que anualmente elabora para os comedores dos seus asociados, aínda que cada ANPA está facultada para facer un cálculo aproximado do custo que a maiores implican os gastos necesarios para o correcto mantemento do servizo e, de cara a optimizar os recursos e evitar perdas, axustar o mesmo.

Deste xeito os comensais fixos (que reciben unha subvención precisamente por este carácter fixo que permite abaratar custos) pagarán menos que os esporádicos.

SANCIÓNS

- 9) **Comunicación de faltas:** as faltas de asistencia ao comedor poderán avisarse á ANPA por calquera dos seguintes métodos:

- **No local do ANPA de 9:00 a 9:30 a.m.** Quen avise da falta deberá asinar no libro de incidencias os días que está notificando que non asistirá ao comedor.
- Por **correo electrónico** a: anpa.garcia.barbon@gmail.com antes das 9:30 a.m. (gardarase a mensaxe como comprobante), indicando o nome do alumno/a e días que non asistirá.
- Por medio do **formulario da web** www.anpagarciabarbon.org/contacto.asp (farase igual que no suposto anterior).
- Mediante **chamada telefónica** ao teléfono do ANPA (660.175.215) antes das 9:30 a.m. do día que faltará (non queda comprobante pero se rexistrará no libro de incidencias).
- Mediante **SMS** ao teléfono do ANPA (660.175.215) antes das 9:30 a.m. do día que faltará (tampouco queda comprobante pero se rexistrará como no suposto anterior).

As faltas de asistencia non comunicadas ó comedor de 2 días consecutivos o 4 discontinuos nun mes natural supón a perda da subvención de FOAMPAS para o resto do curso.

As faltas de asistencia ó comedor de 3 días consecutivos, agás situacións excepcionais de forza maior, ou 5 discontinuos sen comunicar nun mes natural levará a anulación do servizo de comedor para o resto do curso, dando paso ao primeiro que se atope na lista de espera.

No caso dos bolseiros esta anulación virá dada pola ausencia inustificada de 4 días continuados , agás situacións excepcionais de forza maior, ou 3 alternos no período dun mes, xa que así o establece a Base 17ª das propias bases das AMES.

- 10) **Impago de cotas:** O impago da cota do comedor dun mes suporá o cobro do mesmo no mes seguinte coa inclusión dos gastos bancarios ocasionados pola devolución do recibo. A morosidade continuada no pago da cota de comedor poderá ser causa de baixa deste servizo. En todo caso a decisión desta baixa será competencia da Xunta Directiva da ANPA mediante acordo motivado.

COMUNICADOS

- 11) **Baixas de comedor:** para solicitar a baixa voluntaria do servizo de comedor será preciso facelo cun mínimo dunha semana de antelación e por algún dos medios descritos para a comunicación das faltas que deixan constancia documental. Sen prexuízo da obrigatoriedade do abono da mensualidade completa.
- 12) **Dietas:** os comensais que teñan necesidade dun menú dietético deberá presentar certificado médico no que se especifique o tipo de dieta que necesite o comensal (celíaca, por alerxias alimentarias diversas, por diabetes, hipocalórica, hipocolesterolémica, etc.). No caso de dietas complicadas os/as pais/nais poderán poñerse en contacto directamente co catering para informarse, aclarar ou pedir unha rectificación do menú. En caso de doenza sobrevida (gastroenterite, ...) non fará falla certificado médico, e se solicitará a dieta adecuada coa mesma marxe horaria que para a comunicación das faltas ao comedor.

RECOLLIDA E CUSTODIA

- 13) **Recollida e custodia dos comensais:** O alumnado que quede ao comedor debe ser recollido no patio do centro polos seus pais/nais ou persoa debidamente autorizada mediante escrito destinado á ANPA ao comezo do curso escolar, en todo caso e como moi tarde ás 16:00 horas. Os horarios de recollida teñen que respectarse para non interferir no correcto desenvolvemento da prestación do servizo de comedor.

O alumnado usuario do servizo de comedor non poderá saír do recinto escolar durante o período de comedor. Se os seus pais ou titores legais veñen a recollelo antes do remate do mesmo, será por causa xustificada e seguindo o procedemento xeral establecido no centro: notificación previa por escrito, neste caso á ANPA. Presentarase persoalmente a recoller ao comensal e asinará no rexistro para o efecto. Só se admitirá unha recollida sen notificación previa por causas maiores, excepcionais ou de urxencia: morte dun familiar, enfermidade, accidente, etc.

ORGANISMO DO COMEDOR

- 14) **Competencias e funcións dos diversos órganos relacionados co Servizo de comedor:**

O **persoal de atención e coidado** adscrito ao comedor, ademais da imprescindible presenza física durante a prestación do servizo no seu conxunto, desenvolverá as seguintes funcións:

- Axudar ao alumnado que, por idade ou necesidades asociadas a condicións persoais específicas de discapacidade ou impedimentos temporais, necesiten a colaboración e apoio dun adulto nas actividades de desprazamento, alimentación e aseo.
- Informar ao equipo directivo da ANPA, no modelo de impreso que este lles facilitará, de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento do servizo de comedor, para que aquel o poña en coñecemento das familias e do Consello Escolar, de se-lo caso.
- Velar pola calidade e conservación dos alimentos, cumprindo as normas de sanidade e hixiene.

- Servizo de atención ás mesas dos comensais.
- Informar á persoa encargada por parte da ANPA do servizo de comedor escolar daquelas outras cuestións que afecten ao funcionamento do servizo.
- Colaborar no seguimento dos protocolos de seguridade e hixiene e de riscos laborais.

12.1) A **Xunta Directiva da ANPA**, ademais de garantir a presenza no centro escolar durante a prestación do servizo dunha persoa responsable do comedor, desenvolverá as seguintes funcións:

- Elaborar a normativa de funcionamento do servizo de comedor escolar, da que se dará comunicación á Dirección e ao Consello Escolar.
- Dirixir e coordinar o servizo de comedor escolar.
- Supervisar o correcto funcionamento do servizo de comedor escolar.
- Estudar e elaborar os custos derivados do servizo de comedor escolar así como as tarifas correspondentes a cada ano escolar.
- Verificar o cobramento das cantidades correspondentes ao servizo de comedor aos seus usuarios.
- Velar polo cumprimento das normas sobre sanidade, hixiene e de riscos laborais, de acordo coa normativa vixente, remitindo no seu caso informe a FOAMPAS, á Dirección do Centro, á Concellería de Educación e á empresa concesionaria do servizo.
- Aprobar as sancións como consecuencia da comisión de faltas graves e moi graves tipificadas no presente Regulamento, con carácter preceptivo e vinculante, segundo a proposta do expediente tramitado, non podendo aumentar a proposta de sanción emitida polo instructor do mesmo.
- Acordar a prescrición das faltas graves e moi graves.
- Calquera outra función necesaria para o correcto funcionamento do servizo

12.2) O **Consello Escolar**, ademais das funcións contidas no Regulamento de Réxime Interno do colexio, terán as seguintes funcións:

- Asesorar e facer suxestións á Xunta Directiva da ANPA en calquera función e aspectos relativos ao funcionamento do comedor escolar.
- Colaborar coa Xunta Directiva da ANPA na elaboración de protocolos de actuación e de funcionamento do comedor e das actividades extraescolares.
- Enterarse das sancións impostas pola Xunta Directiva da ANPA como consecuencia da comisión de faltas graves tipificadas no presente Regulamento.
- Ter coñecemento, nos casos establecidos no presente Regulamento, sobre as sancións a impoñer pola comisión de faltas graves e moi graves.

DEREITOS E DEBERES

15) Do alumnado:

- Dereitos:
 - ✓ A coñecer con antelación a programación dos menús.
 - ✓ Á liberdade de expresión sen prexuízo dos dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o respecto que merecen as institucións de acordo cos principios e dereitos constitucionais.
 - ✓ A expresar por vía regulamentaria aquelas queixas, suxestións ou peticións en relación co servizo de comedor escolar e actividades extraescolares.
 - ✓ A igualdade de oportunidades e a non discriminación por razón de nacemento; raza; sexo; capacidade económica; nivel social; conviccións políticas, éticas, morais ou relixiosas, así como discapacidade físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social; o establecemento de medidas compensatorias que garantan a igualdade real e efectiva de oportunidades e a realización de políticas educativas de integración e atención ás necesidades educativas especiais.
 - ✓ Á súa propia defensa, por si mesmo ou por representante, cando o estime oportuno, ante o órgano que lle comunique a proposta de sanción.
 - ✓ A empregar as instalacións do centro durante o período de comedor e actividades extraescolares e, en todo caso, de acordo coas normas que ao respecto regule o propio centro e coas precaucións necesarias en relación coa seguridade das persoas, a adecuada conservación dos recursos e o correcto destino dos mesmos.
- Deberes:
 - ✓ O alumnado deberá comportarse con corrección no recinto escolar e no comedor escolar.
 - ✓ Seguir as orientacións do persoal de atención e coidado así como ao persoal educador respecto da súa conducta e comportamento e mostrarlle o debido respecto e consideración.
 - ✓ Respetar o exercicio do dereito ó estudo e aproveitamento escolar dos seus compañeiros e compañeiras.
 - ✓ Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do centro.
 - ✓ Está obrigado a respectar o mobiliario, menaxe e instalacións do centro así como as pertenzas dos outros membros da comunidade educativa .
 - ✓ Os nenos e nenas que padezan calquera problema médico deberán aportar un informe médico así como unha autorización do pai ou a nai ou titor legal e do médico conforme pode asistir ao servizo de comedor.

16) Do persoal de atención e coidado e monitores/as de actividades extraescolares:

- Dereitos:
 - ✓ A ser respectados/as no exercicio do seu traballo en relación co servizo de comedor e actividades extraescolares.
 - ✓ A tutelar, guiar, amoestar verbalmente e corrixir ó alumnado durante o tempo de comedor escolar e actividades extraescolares.
- Deberes:
 - ✓ Promover a adquisición de habilidades e hábitos alimenticios saudables, de conducta socialmente aceptables e normalizados, e de autonomía persoal.
 - ✓ Tutelar, guiar, amoestar verbalmente e aplicar correctivos ó alumnado durante o tempo de comedor escolar e actividades extraescolares que lles foron encomendados.
 - ✓ Reforzar e mellorar os hábitos e disciplina mediante o exemplo e amoestación verbal e os correctivos axeitados e proporcionados.
 - ✓ No caso do persoal de atención e coidado, estar debidamente formados/as na manipulación de alimentos por parte da empresa prestadora do servizo de catering.
 - ✓ Os/as monitores/as de actividades extraescolares deberán recoller no vestíbulo de entrada ó seu alumnado e deixalo no mesmo lugar ó remate da actividade, garantindo que non circulará polas dependencias do centro sen vixilancia.
 - ✓ Os/as monitores/as de actividades extraescolares controlarán ao seu alumnado dentro da aula ou local onde se desenvolva a actividade. Dito control inclúe as saídas e os aseos.
 - ✓ Ademais, os/as monitores/as de actividades extraescolares comprobarán que a dependencia que empregan queda exactamente igual que cando comezou a actividade (incluíndo colocación de cadeiras e mesas) e notificará calquera incidencia durante o desenvolvemento da súa actividade á ANPA para que se tomen as medidas oportunas.

17) Dos pais/titores do alumnado:

- Dereitos:
 - ✓ A coñecer con antelación a programación dos menús.
 - ✓ A que o seu/súa fillo/a sexa tutelado/a e guiado/a nos hábitos e disciplina mediante o exemplo e a amoestación verbal e os correctivos axeitados e proporcionados.
 - ✓ A ser informado de calquera aspecto relacionado coa formación, conducta ou comportamento do seu fillo/a ou tutelado/a durante o tempo de comedor escolar e de actividades extraescolares.
 - ✓ A ser informado da comisión de faltas leves así como da aplicación dalgún tipo de acción correctora das mesmas e, obviamente, da apertura de expediente disciplinario ao seu fillo/a ou tutelado/a no caso de faltas graves e moi graves mediante a comunicación incoadora do mesmo.

- Deberes:
 - ✓ Avisar e comunicar as ausencias dos seus fillos/as ou tutelados/as. Os avisos e comunicacións faranse de acordo co establecido no artigo 7 do presente Regulamento.
 - ✓ Comunicar á ANPA como moi tarde ás 9:30 horas da mañá do mesmo día de calquera cambio nas dietas dos seus fillos/as ou tutelados/as.
 - ✓ Os pais ou titores legais deberán ter saldo suficiente para o asumir o cobro das mensualidades na conta bancaria indicada, consonte ao establecido no artigo 5 do presente Regulamento, para o pago das cotas de comedor.
 - ✓ Os pais ou titores legais, ou persoa debidamente autorizada, encargados de recoller ao alumnado usuario do comedor ou das actividades extraescolares están obrigados a facelo coa máxima puntualidade. En caso de que os pais/titores legais ou persoa debidamente autorizada, por calquera circunstancia debidamente xustificada se retrasen en vir a buscar ao neno ou nena usuarios do comedor, será o persoal designado pola ANPA o responsable de atendelos mentres non veñan a buscalos.
 - ✓ Os pais ou titores legais dos comensais que teñen dereito á bolsa de comedor están obrigados a pasar polo local da ANPA para asinar os listados de axudas, así como a documentación pertinente en relación co comedor.

NORMAS DE CONVIVENCIA E RÉXIME DISCIPLINARIO:

- 18) **Normas de convivencia:** Todo o alumnado, tanto no horario de comedor como no de actividades extraescolares, está obrigado a respectar as normas de funcionamento e de convivencia establecidas no Regulamento de Réxime Interior do centro e ademais, para os horarios regulados polo presente Regulamento, ao cumprimento das seguintes disposicións:
- A entrada no comedor e lugares de lecer e actividades farase por grupos, en fila, con orde e tranquilidade, sen correr, sen empurrarse e sen berrar.
 - No comedor non se pode tirar pan, auga, restos de comida ao chan nin a outros comensais.
 - Os comensais sentaranse nos lugares que lles sexan asignados, seguindo un orde de idade aproximada. Estes lugares, na medida do posible, serán fixos, podendo ser cambiados a criterio do persoal de atención e coidado, ou da persoa designada pola ANPA.
 - Deberase respectar todo o material, utensilios e instalacións do centro ou do servizo de catering, sendo o alumnado responsable do seu deterioro polo mal uso. Embargastes, o persoal de atención e coidado (no horario do comedor) e os monitores/as (no horario de actividades extraescolares) tentarán evitar e corrixir actitudes ou comportamentos que poidan ocasionar desperfectos nos mesmos.
 - Os comensais deberán permanecer correctamente sentados en todo momento, sen xogar nin abanearse nas cadeiras, nin moverse do seu sitio. Para chamar ao persoal de atención e coidado deberán facelo levantando a man ata seren atendidos.

- É moi importante comer nun ambiente tranquilo e relaxado, polo que nunca se dirixirán ós demais berrando, senón falando nun ton de voz axeitado.
- Se se considera oportuno, por razóns estritamente educativas, o alumnado colaborará, na medida das súas posibilidades, co servizo de comedor a partir de 5º de educación primaria, sen que iso supoña a ausencia física ou a substitución do persoal habitual encargado da atención ao devandito servizo.
- O alumnado está obrigado a respectar ao persoal de atención e coidado e ao resto do alumnado do servizo de comedor.
- No tempo libre antes ou despois do servizo de comedor, cada grupo permanecerá no lugar asignado baixo a supervisión do persoal de atención e coidado. Ningún alumno/a poderá separarse do seu grupo sen permiso do persoal de atención e coidado que asume a súa vixilancia.
- Non se permite a práctica de xogos perigosos, entendéndose por iso aqueles que poidan poñer en perigo a integridade física das persoas. Do mesmo xeito, está prohibido o uso de balóns de coiro, obxectos punzantes ou cortantes, etc.

19) **Principios xerais das sancións:** Durante os períodos de tempo que o alumnado permaneza no centro baixo a responsabilidade da ANPA (comedor, recreos antes e despois do comedor, actividades extraescolares e festas) serán de aplicación os seguintes principios xerais:

- Non poderán impoñerse sancións contrarias á integridade física e á dignidade persoal e moral do alumnado.
- A imposición de sancións respectará a proporcionalidade coa correspondente falta e deberá contribuír á mellora do proceso educativo e socializador do alumnado.
- O Consello Escolar será informado do cumprimento efectivo das sancións nos termos en que foron impostas.
- A efectos da gradación das correccións:
 - ✓ Consideraranse circunstancias atenuantes:
 - x O recoñecemento espontáneo da súa conducta incorrecta.
 - x A falla de intencionalidade.
 - ✓ Consideraranse circunstancias agravantes:
 - x A premeditación e a reiteración.
 - x Causar dano, inxuria ou ofensa aos compañeiros de menor idade e aos recen incorporados ao centro.
 - x Calquera acto que atente contra o dereito recollido no artigo 12.2.a) (dereito á igualdade de oportunidades) do Real Decreto 732/1995, de 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros (BOE de 2 de xuño de 1995)

20) Tipificación das faltas:

Contan coa consideración de **faltas leves**:

- Os actos que perturben o normal desenvolvemento das actividades extraescolares, da orde debida durante o tempo de comedor ou do tempo de lecer antes ou despois da comida (dar voces no comedor e andar correndo polo mesmo ou pechase nos servizos hixiénicos, entrar ao comedor con obxectos non permitidos)
- Desobedecer levemente as indicación dos persoal do servizo de comedor como, por exemplo, cambiarse de sitio sen o permiso correspondente.
- Molestar aos compañeiros/as mentres están comendo.
- Permanecer mal sentado ou abanearse na cadeira.
- Ensuciar as dependencias do comedor, servizos hixiénicos, corredores e patio con desperdicios.
- Negativa á realización das tarefas que os/as monitores/as de actividades extraescolares sinalen ou dos comportamentos corrixidos polos/as coidadores/as de comedor.
- Actos de desconsideración con calquera membro da comunidade educativa ou do servizo de comedor.
- Calquera outra conducta que afecte levemente ao respecto, a integridade ou á saúde das persoas.
- Agresións físicas ou morais de carácter leve contra calquera membro da comunidade educativa ou do servizo de comedor.
- Causar pequenos desperfectos ou danos nas instalacións do centro ou dos materiais das aulas ou doutros compañeiros/as.

Contan coa consideración de **faltas graves**:

- Areiteración nas faltas leves continuadas rexistradas mediante o oportuno parte de incidencias.
- A reiterada e contumaz desobediencia ao persoal do servizo de comedor.
- Saír do patio sen permiso do persoal do servizo de comedor.
- Levantarse do seu sitio sen ningunha causa xustificada, molestando intencionada e gravemente aos comensais e/ou ao persoal do servizo de comedor.
- Deteriorar a propósito, ou por mal uso intencionado, o material propio do comedor, o mobiliario ou as instalacións do centro.
- Tirar intencionadamente comida ó chan ou a outros/as compañeiros/as, ou sacala do comedor.
- As agresións físicas, psíquicas ou morais a calquera membro da comunidade educativa ou do servizo de comedor.
- Os actos de indisciplina grave, as inxurias, burlas, ofensas, ameazas ou coaccións contra membros da comunidade educativa ou do servizo de comedor.
- O incumprimento das correccións impostas polo persoal do servizo de comedor.

- Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades extraescolares, o tempo de comedor ou o tempo de lecer antes ou despois da comida.
- A apropiación indebida de material do centro ou dos membros da comunidade educativa ou do servizo de comedor.
- A introdución no recinto escolar, e especialmente no comedor, de obxectos ou produtos que poñan en perigo a integridade física ou a saúde dos demais (navallas, petardos, sustancias tóxicas, insalubres ou contaminantes, etc.).

Contan coa consideración de **faltas moi graves**:

- A realización de 3 faltas graves nun mesmo curso escolar.
- Os danos moi graves causados polo uso indebido e intencionado dos locais, do material do comedor, doutras instalacións e equipamentos do centro, ou dos bens doutros membros da comunidade educativa.
- Os actos inxustificados que perturben moi gravemente o normal desenvolvemento das actividades extraescolares, o tempo de comedor ou o tempo de lecer antes ou despois da comida.
- Calquera outra conducta que afecte moi gravemente ao respecto, a integridade física ou moral ou á saúde das persoas.
- Levar a cabo conductas obscenas e vexatorias.

21) Correccións aplicables:

- Para as conductas tipificadas como **faltas leves**:
 - ✓ Amoestación verbal do/a monitor/a ou coidador/a que estea impartindo a actividade extraescolar ou vixiando no comedor ou no patio de xogos.
 - ✓ Amoestación por escrito no parte diario de incidencias. Da incidencia terá constancia o encargado de comedor e será comunicada aos pais ou titores legais do/a alumno/a.
 - ✓ Comparecencia diante do representante da ANPA que permaneza no centro durante o horario establecido neste regulamento, feito que será comunicado aos representantes do/a alumno/a.
 - ✓ Realización de tarefas específicas no horario establecido neste regulamento, e que terán carácter exemplarizante a nivel de conducta e rehabilitadoras.
 - ✓ Separación temporal do grupo de referencia (ou da súa mesa) e integración noutro.
 - ✓ Suspensión do dereito a participar nos xogos ou actividades de ocio.
 - ✓ Penalización na puntuación de acceso ao comedor do curso seguinte.
- Para as conductas tipificadas como **faltas graves**:
 - ✓ Amoestación por escrito ao alumno, comunicación aos pais ou titores legais. Mandará a comunicación a ANPA e terá coñecemento a Dirección do centro e o Consello Escolar.
 - ✓ Separación permanente do grupo de referencia ou do seu grupo e da súa mesa de comedor no

curso escolar de referencia.

- ✓ Comer separado dos seus compañeiros ata 5 días lectivos consecutivos.
 - ✓ Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro, en beneficio da comunidade educativa ou, se procede, dirixidas a paliar ou compensar o dano causado.
 - ✓ Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares e/ou no comedor por un período mínimo de 3 días lectivos e máximo de 5 días lectivos consecutivos.
 - ✓ Penalización na puntuación de acceso ao comedor do curso seguinte.
 - ✓ Proposta de retirada da bolsa de comedor escolar.
- Para as conductas tipificadas como **faltas moi graves**:
- ✓ Suspensión do dereito de asistencia ao comedor e/ou actividades extraescolares durante un período de 30 días lectivos consecutivos.
 - ✓ Penalización na puntuación de acceso ao comedor do curso seguinte.
 - ✓ Expulsión do comedor e/ou actividades extraescolares no curso escolar de referencia.
 - ✓ Proposta de retirada da bolsa de comedor.

22) **Imposición de correccións:** As correccións serán impostas, dependendo da tipificación das mesmas, seguindo os seguintes procedementos e polos seguintes órganos:

- Pola comisión de **faltas leves**:
- ✓ En primeiro lugar serán corrixidas polo/a monitor/a ou coidador/a que estea impartindo a actividade extraescolar ou vixiando no comedor ou no patio de xogos no momento da comisión da falta, quen deixará constancia documental no parte de incidencias da ANPA do incidente do correctivo imposto ou da amoestación.
 - ✓ Se a conducta fose reiterada no mesmo día, o/a monitor/a ou coidador/a comunicarllo ao representante da ANPA que permaneza no centro durante o horario establecido neste regulamento, quen impondrá outra corrección e deixará constancia documental da mesma cumprido o trámite de audiencia ó/á alumno/a.
 - ✓ Se hai nova reincidencia será o/a Presidente/a da ANPA quen, recibidos os informes escritos precedentes, impondrá unha terceira corrección e, se fose preciso, unha cuarta.
 - ✓ Se despois da imposición destas sancións a conducta ou comportamento antisocial non se corrixira, a falta pasaría a ter a consideración de grave sempre e cando estivera referida a un feito igual ou asimilable, ou tivese como destinatario a un mesmo individuo.
 - ✓ Todas as conductas tipificadas como graves e as súas correccións prescribirán no prazo de 10 días naturais, contando a partir da data da súa comisión, ou polo seu cumprimento.
- Pola comisión de **faltas graves**:
- ✓ Mediante a incoación de procedemento disciplinario no que se nomeará un/ha instrutor/a e un secretario/a (membros da Xunta Directiva da ANPA).

- ✓ Serán impostas pola Xunta Directiva da ANPA, previa comunicación aos pais ou titores do alumno/a e, en todo caso, coa audiencia do alumno/a e os seus pais ou titores, en reunión extraordinaria convocada para o efecto. A decisión deberá ser aprobada por maioría de 3/5 dos membros totais da Xunta Directiva da ANPA asistentes. Para que a reunión teña a consideración de válida deberán comparecer a metade máis un dos membros da mesma.
 - ✓ A comisión deste tipo de falta será comunicada por escrito aos membros da Xunta Directiva da ANPA, con indicación das circunstancias en que se cometeu así como das testemuñas, e se achegará unha descrición da mesma. Todo isto farase xuntamente coa comunicación da convocatoria da reunión extraordinaria.
 - ✓ Todas as conductas tipificadas como graves prescribirán no prazo de 30 días naturais, contando a partir da data da súa comisión. As correccións impostas como consecuencia destas conductas, prescribirán ao remate do curso escolar ou polo seu cumprimento.
 - ✓ A Xunta Directiva comunicará este tipo de faltas así como a sanción imposta á Dirección do centro o antes posible, e esta ou o/a representante da ANPA no Consello Escolar informará das mesmas ao Consello Escolar na primeira xuntanza que este teña.
- Pola comisión de **faltas moi graves**:
- ✓ O Xunta Directiva da ANPA en pleno imporá as sancións aplicables ás faltas tipificadas como moi graves oído o alumno/a e os pais ou titores legais, previa incoación de procedemento e nomeamento de instrutor/a e secretario/a, en reunión extraordinaria convocada para o efecto. A decisión deberá ser aprobada por unanimidade dos membros totais da Xunta Directiva da ANPA asistentes. Para que a reunión teña a consideración de válida deberán comparecer os 3/5 dos membros da mesma.
 - ✓ A comisión deste tipo de falta será comunicada por escrito aos membros da Xunta Directiva da ANPA, con indicación das circunstancias en que se cometeu así como das testemuñas, e se achegará unha descrición da mesma. Todo isto farase xuntamente coa comunicación da convocatoria da reunión extraordinaria.
 - ✓ En caso de que o alumno/a sexa bolseiro de comedor comunicarase aos servizos sociais do Concello ou aos servizos de Inspección Educativa ó inicio do procedemento e manteraos informados da tramitación ata a súa resolución.
 - ✓ A instrución do expediente levarase a cabo polo/a Presidente/a da ANPA, que nomeará un secretario/a que poderá ser o/a da ANPA ou calquera outro membro da Xunta Directiva.
 - ✓ Da incoación do expediente informarase aos pais ou titores legais do alumno/a, nos que recae a defensa e alegacións perante quen instrúa o expediente disciplinario.
 - ✓ Instruído o expediente, darase audiencia ao alumno/a e aos pais ou titores legais daquel/a comunicándolles, en todo caso, as conductas que se lle imputan e as sancións que se propoñen á Xunta Directiva da ANPA.
 - ✓ Todas as conductas enumeradas neste apartado prescribirán no prazo de 60 días naturais contando a partir da data da súa comisión. As correccións impostas como consecuencia destas conductas prescribirán ao remate do curso escolar ou polo seu cumprimento.
 - ✓ De toda a documentación elaborada durante o procedemento sancionador por faltas moi graves

remitirase copia literal ao Consello Escolar para o seu coñecemento.

- 23) **Medidas provisionais:** Poderanse adoptar polo órganos correspondentes medidas provisionais equivalentes á metade da medida correctiva máis leve, a proposta do/a instrutor/a do expediente sancionador e coa debida motivación.
- 24) **Arquivo das actuacións:** Pódese acordar o arquivo das actuacións do expediente sancionador a proposta do/a instrutor/a do mesmo e coa debida motivación.
- 25) **Presunción da boa fe:** A ANPA é unha organización sen ánimo de lucro e os seus intereses principais son o servizo a protección e a atención aos alumnos e alumnas do centro escolar e, como consecuencia diso, os seus actos van sempre encamiñados a acadar o beneficio da maioría aínda que poida ser en detrimento dalgunha minoría e se lle presupón a boa fe no desenvolvemento do seu labor.
- 26) **Liberdade de acceso:** O acceso aos servizos de comedor e actividades extraescolares é libre e voluntario, pero supón o coñecemento e aceptación desta normativa.

Disposición final:

En todo o non disposto neste Regulamento se estará ao establecido no Real Decreto 732/1995, de 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros (BOE de 2 de xuño de 1995). E no Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores dos centros públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación (DOG de 13 de agosto de 2013).

Vigo, 23 de abril de 2019

O Presidente

A Secretaria

Rubén Mariño Bastos

Judit Cendón González